(…) Penso **no meu irmán Raúl** que é xordomudo. Cando era moi pequeno internárono nun colexio para xordos **onde aprendeu a utilizar a linguaxe de signos** e a ler nos labios das persoas que lle falaban **todo o tempo** en castelán. Cando chegaba á casa as fins de semana, **os seus pais** seguían falándolle en castelán para que puidese entendelos léndolles nos beizos e, co tempo, eles tamén aprenderon a falar **coas maniñas**. Un día, sentados todos á mesa e conversando entre nós, Raúl intentaba ler **nos nosos beizos** e parecía non entender nada. Estaba **desconcertado**. Entón fíxonos calar e sinalou **o prato**. A súa nai díxolle "pescado", el dixo que non e insistiulle en que o dixese da outra maneira, como vía que nolo dicía a nós. Entón a súa nai pronunciou: "peixe". El **asentiu**. Fixo o mesmo con todas as cousas que había enriba da mesa e arredor nosa ata que se enfadou. Daquela era un meniño e acababa de descubrir que a súa familia falaba un idioma distinto ao que utilizaba cando se dirixía a el. Co tempo explicoume que se sentiu como se non formase parte de nós, como se o mantivésemos á marxe, o excluísemos, que nin sequera compartiamos con el **as nosas palabras** (…).

Anxos Sumai (2005). *Melodía de días usados* (adaptado)

Responde as seguintes preguntas:

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.

2. Expón a túa opinión persoal sobre os diversos aspectos que se comentan no texto.

3. Realiza a segmentación morfolóxica das seguintes palabras do texto e identifica os seus compoñentes: *pequeno, internaron, pronunciou, acababa, palabras, xordos, manciñas, desconcertado*.

4. Indica se as seguintes palabras son simples, compostas, derivadas ou parasintéticas, e xustifica a túa resposta: *xordomudo, desconcertado, peixe, maniñas*.

5. Sinala as funcións que desempeñan no texto cada un dos 10 elementos destacados en grosa e subliñados.

6. Analiza sintacticamente as frases seguintes:

- Nun colexio para xordos
- Con todas as cousas
- Un idioma distinto

7. Localiza no texto catro elementos que desempeñen a función de CI.